

HOMENAXE A CASARES NO LICEO

PARLAMENTO DE GALICIA

En primeiro lugar, como responsable do **Goberno de Ourense** síntome moi honrado de participar neste acto. Agradézolle, pois, a Miguel Santalices, ourensán e deputado por esta provincia, actual presidente do Parlamento de Galicia, unha iniciativa que considero dobremente acertada: celebrar a Carlos Casares en Ourense, deputado electo por esta circunscrición o 20 de outubro de 1981, como galeguista independente na lista do Partido dos Socialistas de Galicia.

E, ao mesmo tempo, salientar o seu compromiso, como escritor consagrado e intelectual brillante, na construción da nosa autonomía que, como todos vostedes saben, naceu feble e á que lle cumpriron, para medrar e seguir aspirando a máis autogoberno, firmes esteos como Carlos Casares.

Teñamos en conta que o segundo referendo de Estatuto, celebrado o 21 de decembro de 1980, recibiu un escaso 28,27% de votos a favor, e que, nos primeiros comicios lexislativos, nos que Casares saíu deputado, a abstención acadou un 57,3%.

Esas, e non outras, son as circunstancias que levaron á política activa a Ramón Piñeiro, Benxamín Casal, Carlos Casares e Alfredo Conde, sen esquecer tampouco o abandono

do “Parlamento de cartón”, como lle chamaban daquela os tres representantes do Bloque Nacional Popular Galego e algúns outros, á nosa Cámara Lexislativa.

Nese marco, no fortalecemento da Autonomía, Carlos nadou a contracorrente. Mellor e máis cómodo lle tería sido adoptar unha actitude crítica desde fóra, sen implicacións. Fixouse unha lexislatura, non máis, para traballar no que consideraba esencial para o desenvolvemento do país -sobre todo a Lei de normalización lingüística- e foise cando esas leis se materializaron.

Seguiu moi atento á política galega e española, a todo o que sucedía no mundo, como cidadán, frecuentando a políticos amigos seus -mesmo rexeitando ofrecementos de responsabilidade no goberno de González Laxe-, pero ata 1996, cando resultou elixido presidente do Consello da Cultura, non ostentaría ningún cargo institucional.

Resulta falso, pois, pretender desdebuxar o perfil de Casares como o de alguén fascinado polo poder, **como un acaparador dos resortes e dos fíos que conforman o tecido das institucións**. Nada diso é certo. Casares dáballes moitas voltas ás súas decisións, logo conformaba equipos e planificaba a longo prazo.

Sendo o seu pensamento a socialdemocracia, antepuña sempre o galeguismo, sen imposicións, lonxe de calquera sectarismo, como ten dito Damián Villalaín, colaborador seu na Editorial Galaxia.

Casares non só defendeu as posicións propias nos colectivos e foros dos que formaba parte ou onde frecuentaba. Fíxoo a través de colaboracións xornalísticas que lle carrexaron non poucas situacións de incomodidade pola violencia dos intransixentes. Tampouco é verdade que preferise ser aséptico, **que escribira á marxe dos conflitos políticos, sociais e culturais**. O seu modelo, o seu xeito, foi integrar e sumar, razoar con sensatez, nunca discriminar a priori, e menos aínda, sentenciar verdades absolutas.

Como bo amigo e discípulo de Ramón Piñeiro, trataba de evitar os choques frontais, analizaba a fondo os conflitos, debullaba os problemas con serenidade, e trataba de achegar solucións.

Carlos Casares levou consigo con orgullo, onde queira que fose, a súa condición de ourensán; para el, e para nós, a mellor maneira de sermos galegos. No seu magnífico libro *Un país de palabras*, que zumega sabedoría e honestidade, referirse con paixón a Ourense, desde onde perfilou o seu futuro. Descóbrenos o tempo que lle tocou vivir, a comezos dos 60, nunha cidade, cito textual, “que fuxía da abafante realidade recorrendo ao humor creativo, á intelixente maxia das artes e as palabras, a un mundo de soños ó que eu me acheguei grazas ó maxisterio de Vicente Risco.

Ourensán de corpo e alma ó que moitos dos seus correligionarios e admiradores condenaran ó inferno. Non así en Ourense, onde a tolerancia se sobrepuña ós pecados daquel velliño miúdo e cegato, aberto a toda tendencia experimental ou renovadora, un sabio que escoitaba e que endexamais pontificaba.”

Casares amaba e practicaba o ourensanismo, como Risco, como Cuevillas e Otero Pedrayo, como os de Nós e os de antes que os de Nós... Con enxeño e a simpatía, como Pío Ramón Oxea, pai de Ben Cho Shey, Xosé Ramón Fernández e Oxea, a quen honraremos ao longo de 2018. Igual que fixemos, este ano, con Rodolfo Prada, ourensán dos Peares, piar do galeguismo político e cultural en América, ideólogo e artífice de tantas cousas.

Seguiremos crendo en Auria con Eduardo Blanco-Amor, Pura Vázquez e Antón Tobar... **Cos centos e centos de homes e mulleres que fixeron do ourensanismo un concepto de honra para que Galicia, esta nosa nación cultural, brille e perdure polos séculos dos séculos.** Considerámolo unha obriga.

Por iso, desde a Deputación, en proba de agradecemento, outorgámoslle a Carlos Casares a nosa Medalla de Ouro. Meirande distinción deste territorio, que abrangue moito máis ca unha provincia, por vontade das nosas xentes espalladas polo ancho mundo, recoñecidas como pándegas e narrativas. Pola Ourensanía, peculiaridade anterga e permanente, que só non entenden os mesmos aos que Pondal se refire na sexta estrofa do noso himno, de aí o noso empeño en seguir afirmándonos nela, cara ao futuro.

Casares é Ourensanía.

Graciñas e beizón, como dicimos aquí.